



<https://garciateijeiro.blogspot.com/2023/10/a-luz-das-palabras-92-soledad-garcia.html>

## A LUZ DAS PALABRAS (92) Soledad García Riveiro



**Soledad García Riveiro** é unha muller incansable que ama fondamente a literatura. E faino dende puntos de vista moi diferentes. Coñecina nunhas sesións poéticas que impartín hai un tempo e axiña notei a súa predisposición a escribir e facelo de xeito coherente e apaixonado.

Ten un discurso literario ben interesante. Entre a poesía, a LIX e a divulgación ofrécenos obras dun valor innegable.

Muller sensible co que a rodea, fai da palabra o seu centro vital. Escribe por pracer e porque o precisa para respirar.

De aí que *Versos e aloumiños* lle pedise un texto libre no que expresase a súa visión literaria e, sobre todo, poética (aínda que non unicamente).

Enviounos estes textos que poden ler deseguido e que indican por onde van as súas inquiredanzas poéticas.

Grazas, Sole, pola túa xenerosidade.



*Diría que somos bosques ao fío das palabras dunha gran esponxa. E esa esponxa é hoxe* este instante, no que me les.

Quero agradecer a Antonio García Teijeiro por convidarme a expresar a miña paixón pola poesía a través desta escolla de sementes que teño prantadas.

Permíteme comenzar con *Aposiopese*. Aposiopese quería ser unha compañeira de viaxe pola natureza a través dos haikus, quería ter pairos coma as canilongas e derrubar fronteiras, máis a cruel realidade tornou o seu rumbo e ficou espida coa dor que se sente cando perdes a un pai. Por el, polo meu pai, Aposiopese.

*HABITA en min o veneno*

*un código deserto mórdeme as crinas*


*xermolan augamares na memoria  
porque a memoria é un animal doente  
que xoga a camuflarse na néboa*

*mata de voces cavila esmigallada  
nunha marea présa ferinte  
devece pola vida  
a cuadratura accidental dun pentagrama*

Remata o verán, un verán fermoso sen máscaras, sen distancias, un verán de abrazos...

*técese e destécese a noite  
féndese a lúa  
nun manto de estrelas durmidas  
  
como doe non ter ese abrazo diario  
cando a terra te deixa no olvido  
as paredes embranquecen  
as sabas de liño en trincheiras  
pensar en arrincar o corazón  
para sembralo*

así escribía en *Poemarcovida, imaxes de palabra e vida*, un poemario homenaxe ao persoal sanitario pola súa encomiable labor durante a pandemia.



*convídote a un abrazo e a deter o tempo*

Daquela era primavera, a época na que nacen os garranos. Ao meu pai encantábanlle os garranos, as burras do monte, e todos os garranos nacen na primavera.

*Artai é redondo e pequeno, da cor do mel.*

*Ten as crinas negras*

*e unha mancha en forma de raio na fronte*

*que nos cabalos se chama cordón.*

*Artai ten un cordón de raio e*


*o final das patas brancas como se levase botas*

*e con elas brinca na Serra da Groba onde naceu.*

*Porque Artai naceu unha noite de inverno  
cando caeu un raio no Cortelliño e fixo un burato,  
un burato do que naceu Artai.*

*Un burato que empezou a encherse de auga  
e converterse en poza, na Poza Nova.*

*E así é como todo o mundo pensa  
que Artai é fillo da manda,  
porque naceu sen nai,  
alimentado por todas as nais da Groba,  
pola auga da poza onde naceu  
e polas landras dun carballo,  
o seu amigo Quer.*



Así comeza **“Un paseo por Baiona”**, creado xunto a Fran Fernández Davila, e traducido ao inglés no libro **"A walk in Baiona"** para defender os garranos en Europa na Feira Internacional Börse de Berlín , porque

**ONDA ONDE**

*onde miras ti*


*respirarei as pistas do teu lombo queimado*

Eiquí un extracto das *“As palabras son cinzas por soprar”*, premio Manuel Oreste Rodríguez de Paradela, que se publicará en decembro 2023.

E despídome de ti cun extracto de *“O camiño de Perséfone”*. Un poemario no que tento explorar a dualidade entre a tecnoloxía e a natureza a través de imaxes evocadoras de muller, ilustradas pola artista Ángela Costas.

Perséfone é a deusa grega da agricultura e da fertilidade, a pesar de enfrontar desafíos, persevera na busca dunha nova primavera e o seu renacemento persoal.

Premio Manuel María en Gipuzcoa, consta de 4 estacións, unha dualidade e a miña escolla para ti é o verán.



*o verán es ti*

*unha serea envolta en leite*

*e na proa somerxes os abrazos do mar*

*ti es os ollos pechados*

*e esbancas o liño desta áncora sentida*

*o verán es ti*

*e ti bailas coaa brisa*

*a impulsar*

*o ronsel*

*dos motores do amor*

Que sigamos lendo, crescendo e soñando.

Moitas grazas, Teijeiro! :)

**Soledad García Riveiro**